

cidade á apertura do prazo de información pública do dito expediente, presentando solicitude de beneficiario na repartición da herdanza a *Asociación de Familias de Disminuídos Psíquicos das Comarcas de Noia e Barbanza* (Amigos).

Fundamentos xurídicos.

Lei 4/1995, do 24 de maio, do Dereito civil de Galicia, artigos 153 e 154.

Decreto 94/1999, do 25 de marzo, sobre réxime administrativo da sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento que executa a Lei 3/1985.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime administrativo das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Código Civil.

Adoptadas pola Secretaría Xeral e do Patrimonio as oportunas medidas de conservación e administración, presentada a conta xeral de liquidación da herdanza e feitas as correspondentes propostas de distribución do ben hereditario,

RESOLVO:

1º Estimar conforme a seguinte conta xeral de liquidación da herdanza de Eladia Domínguez Nores.

A) Bens e dereitos:

-Tesouraría e valor.

Bancos e institucións de crédito:

Caixanova (Vigo), nº cc 2080 0046 38 0000087633: 1.616,61 €.

Caixanova (Vigo), nº cc 2080 0046 31 0010016300: 3.005,06 €.

Total de bens e dereitos: 4.621,67 €.

B) Obrigas e débedas:

Servizos de profesionais independentes:

Rexistro da Propiedade de Santiago 16-2-2004: 10,46 €.

Total obrigas e débedas: 10,46 €.

Total líquido (bens e dereitos-obrigas e débedas): 4.611,21 €.

2º Tendo en conta:

* O disposto na Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia aplicable a esta sucesión.

* O ben hereditario remanente líquido resultante: 4.611,21 €.

* O ámbito de actuación da asociación que solicitou a repartición da herdanza non inclúe o derradeiro domicilio da causante.

* Os pagamentos efectuados pola Consellería de Economía e Facenda: 10,46 €.

En atención ao destino cultural ou asistencial a que están afectos estes bens hereditarios, á preferencia da radicación dos establecementos e institucións que poden ser beneficiarias e as solicitudes presentadas, e como queira que o ámbito de actuación da asociación peticionaria na repartición da herdanza non inclúe o derradeiro domicilio da causante e que os citados fins se poden realizar directamente pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Proceder ao ingreso na *Caixa Xeral do Tesouro* da Comunidade Autónoma de Galicia da cantidade líquida remanente, que ascende a 4.611,21 €, co apercibimento de que este importe deberá quedar afecto a establecementos de asistencia social ou institucións culturais, preferentemente radicados na derradeira residencia da causante, concello de Vigo, e, en todo caso, en territorio galego.

b) Destinar a cantidade de 10,46 € á Consellería de Economía e Facenda en compensación dos pagamentos realizados por este departamento a conta do citado ben hereditario.

3º Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra dela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, perante este órgano administrativo de conformidade cos artigos 107, 109 e 116 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Galicia, conforme o disposto nos artigos 46, 10 e 14 da Lei 29/1998 reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que o interesado considere exercitar calquera outro recurso que considere oportuno.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2006.

P.D. (Orde 18-9-2006)

María Inmaculada Viña Carregal
Secretaria xeral e do Patrimonio da
Consellería de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 23 de novembro de 2006 pola que se modifica a do 2 de xuño de 2006 pola que se actualiza a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2006/2007.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral das

ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 5 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adecuará as ensinanzas de formación profesional ás peculiaridades e ás características das persoas adultas.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 27 de xuño de 2001, considera a cualificación profesional dos cidadáns como unha medida esencial para dar resposta ás necesidades do tecido produtivo, o que redundará nun aumento do emprego e facilitará a libre circulación das persoas nas mesmas condicións de competencia profesional que as dos países máis avanzados do noso contorno.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remata o ensino secundario obrigatorio e as diferentes modalidades de bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ciclos formativos de graos medio e superior diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

De acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, DOG do 9 de xaneiro de 2006, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Pro-

fesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Modificar parcialmente a oferta educativa publicada na Orde do 2 de xuño de 2006, DOG do 3 de xullo, pola que se actualiza a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2006/2007, nos centros relacionados no anexo, que están cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 65% para gastos de funcionamento e de profesorado.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral para tomaren as medidas necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

A Coruña

Concello	Código do centro	Centro	Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo	Código do módulo	Módulo
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0125	Electrónica xeral
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0127	Equipos de son
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0FOL	Formación e orientación laboral
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0RET	Relacións no equipo de traballo
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0122	Calidade
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0124	Electrónica dixital e microprogramable
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0132	Instalacións básicas
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0138	Sistemas electrónicos de información
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0128	Equipos microinformáticos e de terminais de telecomunicación
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0126	Equipos de imaxe
A Coruña	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0129	Formación en centros de traballo

Ourense

Concello	Código do centro	Centro	Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo	Código do módulo	Módulo
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Sanidade	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	CM0304	Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Sanidade	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	CM0308	Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Sanidade	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	CM0311	Técnicas de axuda odontolóxica e estomatolóxica
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0309	Implantación de aplicacións informáticas de xestión

Concello	Código do centro	Centro	Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo	Código do módulo	Módulo
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0314	Sistemas informáticos monousuario e multiusuario
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0RET	Relacións no contorno de traballo
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Informática	ZM14001	Explotación de sistemas informáticos	CM0RET	Relacións no equipo de traballo
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Informática	ZM14001	Explotación de sistemas informáticos	CM0FOL	Formación e orientación laboral
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Informática	ZM14001	Explotación de sistemas informáticos	CM0354	Sistemas operativos en contornos monousuario e multiusuario
Ourense	32008902	IES A Carballeira	Informática	ZM14001	Explotación de sistemas informáticos	CM0366	Instalación e mantemento de equipamentos e sistemas informáticos

Pontevedra

Concello	Código do centro	Centro	Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo	Código do módulo	Módulo
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0202	Sistemas de telefonía
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0172	Arquitectura de equipamentos e sistemas informáticos
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0204	Sistemas operativos e linguaxes de programación
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0FOL	Formación e orientación laboral
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0307	Formación en centros de traballo
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0304	Desenvolvemento de funcións no sistema informático
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0308	Fundamentos de programación
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0309	Implantación de aplicacións informáticas de xestión
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0312	Proxecto integrado
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0313	Redes de área local
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0314	Sistemas informáticos monousuario e multiusuario
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0316	Sistemas xestores de base de datos
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0FOL	Formación e orientación laboral
Marín	36015159	IES Chan do Monte	Informática	ZS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0RCT	Relacións no contorno de traballo
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0172	Arquitectura de equipamentos e sistemas informáticos
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0173	Calidade
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0196	Seguranza nas instalacións de telecomunicación e informática
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0202	Sistemas de telefonía
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0204	Sistemas operativos e linguaxes de programación
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0FOL	Formación e orientación laboral
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0RCT	Relacións no contorno do traballo
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0179	Desenvolvemento de sistemas de telecomunicación e informáticos
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0195	Proxecto integrado
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0201	Sistemas de radio e televisión
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0205	Sistemas telemáticos
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0212	Xestión do desenvolvemento de sistemas de telecomunicación e informáticos
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CSAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0187	Formación en centros de traballo
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CM0165	Bebidas
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CM0170	Técnicas de servizo e de atención ao cliente
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CM0171	Língua estranxeira: inglés
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CM0172	Ofertas gastronómicas e sistemas de aprovisionamento
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CM0379	Técnicas elementais de cociña
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CM0FOL	Formación e orientación laboral
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Hostalaría e turismo	ZM11003	Servizos de restaurante e bar	CM0378	Formación en centros de traballo

Orde do 27 de novembro de 2006 pola que se modifica a do 6 de outubro de 2003, pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Universidades.

Pola Orde do 6 de outubro de 2003 (DOG do 15 de outubro) fíxose pública a composición do Consello Galego de Universidades.

O artigo 7 da Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades (DOG do 3 de xuño), regula a composición do Consello Galego de Universidades. No punto 7.1º f) do citado artigo establécese que estará integrado por cinco membros designados pola comisión do Parlamento de Galicia competente en materia universitaria.

No artigo 8 establécese que as vacantes que se produzan entre os membros elixidos polo Parlamento antes da finalización do seu mandato deberán ser cubertas polo mesmo procedemento empregado para a súa designación e entenderase nomeado o membro substituto polo período que reste do anterior mandato.

Comunicada polo presidente da Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia a renuncia de Lourenzo Fernández Prieto como vogal do Consello Galego de Universidades e pola presidenta do Parlamento o acordo da dita comisión de elección de Xosé Manuel Cid Fernández como vogal do Consello Galego de Universidades.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificar o artigo único.3e) da Orde do 6 de outubro de 2003 (DOG do 15 de outubro) pola que se pública a composición do Consello Galego de Universidades, nomeando a Xosé Manuel Cid Fernández en substitución de Lourenzo Fernández Prieto.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 30 de novembro de 2006 pola que se conceden as axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, e programas de garantía social cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

De conformidade co establecido no punto décimo primeiro da Orde do 24 de abril de 2006 (DOG

do 8 de maio), pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, e programas de garantía social cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, debe publicarse anuncio da exposición das listaxes definitivas dos beneficiarios das axudas.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no punto noveno da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Facer públicas as listas definitivas das axudas concedidas correspondentes ao curso 2005-2006, que están expostas no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (oficina de atención ao cidadán), e nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.-Denegar, por non reunir os requisitos establecidos na orde de convocatoria no seu punto segundo, as solicitudes que se relacionan no anexo I.

Terceiro.-Tendo en conta que a contía total da suma das solicitudes superou o crédito dispoñible, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensino Especiais, segundo o establecido no punto quinto da citada orde, tivo que axustar os importes correspondentes.

Cuarto.-Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Relación de alumnos excluídos por non cumpriren cos requisitos establecidos na orde de convocatoria

PROVINCIA	CENTRO	DNI	APELIDOS E NOME
A CORUÑA	CPR ESEGA	53169054T 47372404V	CEPEIRA VARELA, PATRICIA FERREIRO CONDE, ELENA
OURENSE	E. ART. FELICIDAD DUCE	44837074T 44465728N 53610982Y 44835425F 71938579F 78793624V 35467521A 47365406B 44476363K 53119424G 79313874F 44824252N 32707764Q 44478232G	BARRIENTOS DE CABO, CRISTINA BOTANES FERNANDEZ, ALBA DIAZ LORENZO, MARIA FERNANDEZ-NOVOA VICENTE, ELENA GARCIA ARIAS, MONICA GARRIDO MOSQUERA, CARMEN LUCIA GOMEZ CACABELOS, Mª CARMEN NUÑEZ VARELA, VERONICA Mª PUMAR SUAREZ, ANA Mª RODRIGUEZ GONZALEZ, NOELIA RODRIGUEZ LISTE, JOSE ANTONIO TOURIS FIGUEIRA, LAURA VILA BOO, PATRICIA VILA RODRIGUEZ, LUCIA